



TÉCNICAS DE ESTUDIO: O RESUMO

O **último paso** para completar o éxito de nuestro método de estudio é o **resumo**.

Primeiro teremos leído o texto (mediante prelectura e lectura comprensiva), comprendémolo á perfección, terémolo subliñado e feito un esquema coas ideas máis destacadas do seu contido.

Pois ben, o seguinte paso consiste, sinxelamente, en realizar unha **breve redacción** que recolla as ideas principais do texto pero utilizando o noso **propio vocabulario**.

Pero hai que ter coidado porque se ao resumen se lle engaden comentarios persoais ou explicacións que non corresponden ao texto, temos un resumen comentado.

Para facer un bo resumen has de ter presente os seguintes puntos:

- Debes ser **obxectivo**.
- Ter moi claro cal é a idea xeral do texto, as ideas principais e as ideas secundarias.
- Debes de ter sempre **á vista o esquema**.
- É necesario encontrar o fío conductor que une perfectamente as frases esenciais.
- Enriquece, **amplía** e complétao con anotacións da clase, comentarios do profesor, lecturas relacionadas co tema de que se trate e, sobre todo, coas túas propias palabras.
- Cando resumas non debes de seguir necesariamente a **orde de exposición** que aparece no texto. Podes adoptar outros criterios, como por exemplo, pasar do particular ao xeral ou viceversa.
- Debe **ser breve** e presentar un **estilo narrativo**.